

Unidade 2: E ti de quen vés sendo?

Unidade 2, exercicio 3

- Bos días, necesito o xornal...
- Shhh! Fale máis baixo, por favor.
- Desculpe, necesito o xornal *Galicia Hoxe* do trinta de xaneiro de dous mil cinco.
- Un segundiño, agora llo traio.
- Está ben.
- Aquí está.
- Pero, este non é.
- Pois... non entendín ben logo, o dezaseis de xaneiro do 95?
- Nooon, o 30 de xaneiro de 2005.
- Espere. Aquí ten.
- Graciñas.

- Enma, quere quedar hoxe.
- Que me dis?
- Galán 36, quere quedar!
- De onde é? É galego?
- Non, é brasileiro.
- E cantos anos ten?
- Trinta e seis, Galán-trinta e seis. O seu aniversario é en xullo, o día 24 fai os trinta e sete.
- Seguro que está casado.
- Non, é solteiro, ou divorciado, non me lembro.
- Entón, sorte!
- Ha ha!

Unidade 2, exercicio 12

i ε a ϣ o u
u o ϣ a ε e i

Unidade 2, exercicio 13

pola
pota
pe
óso
te

póla
pata
pé
oso
té

peso	pisso
copa	capa
mal	mel
mal	mol
vela	bala
bola	bóla
neta	nata

Unidade 2, exercicio 14

O seu nome é Pedro. É de Badaxoz. Ten vinte anos. Agora vive en Santiago de Compostela. A súa rúa está preto da praza do Obradoiro. Ten unha bolsa séneca na Universidade de Santiago.

Chámase Paolo. A súa nacionalidade é italiana. O seu enderezo é: Rúa Príncipe nº 10, 5º B, Vigo. É profesor de italiano. Estuda tamén galego e inglés na escola onde dá clase. Está casado cunha moza galega chamada Xela.

Chámase Eva. Non vive en Galicia. É procedente de Rusia. Está solteira. Non é estudante universitaria. O seu número de teléfono é 609254698.

O seu nome é Iria. Ten vinte e cinco anos. Traballa en Compostela pero vive na Coruña. O seu enderezo electrónico é i.carballo@yahoo.es. Estuda alemán na escola de idiomas. Ten unha parella de fóra de Galicia, procedente do norte de Europa.

Unidade 2, exercicio 15

- Boas tardes, que desexa?
- Ola, quérome cambiar de tarxeta a contrato e gustaríame saber como teño que facer.
- De acordo, só necesito os seus datos: nome e apelidos?
- Carme Ponte.
- Agora tenme que dar o enderezo, por favor.
- Rúa Castelao, número 20.
- Ten algún documento de identificación?
- Si, o meu DNI: é 22539945.
- E por último, o seu número de móbil?
- O meu número é 600 436 567.
- Moitas grazas, con isto é suficiente.

- Debe encher os recadros do formulario.
- É que non teño as lentes, pódeme axudar?
- Está ben. O seu nome, por favor?
- Xesús.
- Apelidos?

- Couselo Piñeiro.
- É vostede de...
- Lugo.
- Déame agora o seu enderezo postal.
- Rúa da Coruña, número 18, 2º esquerda.
- E o seu documento de identidade?
- 44856430.
- Só queda encher o oco do teléfono e xa rematamos.
- 605421497.
- Así, xa rematamos.
- Moi ben, moi ben. Foi moi amable.
- Para iso estamos!